

SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA A PROPIETARIOS FORESTAIS EN XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE E CERTIFICACIÓN FORESTAL PEFC

Na actualidade, a comunidade galega dispón aínda dunha escasa proporción de superficie coa certificación forestal de xestión sostible. Esta situación supón unha clara desvantaxe da madeira galega no mercado dada a previsible demanda de materia prima certificada por parte da industria transformadora. Neste sentido, considérase fundamental promover o coñecemento e concienciación entre os propietarios galegos dos sistemas de certificación e fomentar a mellora da calidade ambiental coa xestión sostible dos montes.

Ó abeiro da Orde do 12 de xullo de 2007, a Consellería do Medio Rural concedeulle á AFG unha axuda para a contratación dun técnico para a realización dunha asistencia técnica durante dous anos, 2008 e 2009. Mediante esta asistencia técnica, a Asociación Forestal de Galicia difundirá entre os propietarios forestais e as comunidades de montes de Galicia as vantaxes dunha xestión sostible dos montes e prestará apoio técnico ós silvicultores para acceder ao sistema PEFC de certificación rexional.

Preténdese fomentar a xestión profesional dos montes e a planificación a longo prazo conforme os criterios de sostibilidade, así como ofrecer aos silvicultores a posibilidade de participar nun sistema de certificación que garanta aos compradores que os seus produtos proceden de montes cunha xestión sostible.

Obxectivos do servizo da AFG

Os obxectivos que a AFG pretende acadar co desenvolvemento desta asistencia técnica son os seguintes:

- Informar aos propietarios de montes da conveniencia da xestión forestal sostible e dos requisitos necesarios para acadar esta situación a través dos sistemas de certificación.
- Difundir e promocionar o sistema PEFC de certificación rexional.
- Nos casos de propietarios forestais que desexen iniciar a posta en marcha dun proceso de certificación rexional nos seus montes, prestarase a axuda técnica e administrativa que precisen na preparación de documentos e na solicitude da mesma.

Información do novo servizo da AFG

Os propietarios forestais, particulares e comunidades de montes veciñais, interesados en ampliar información ou en iniciar os trámites para conseguir a certificación forestal PEFC poden chamar a calquera das oficinas da AFG nos teléfonos seguintes:

981 564 011

981 440 537

986 660 864

ou por correo electrónico asforgal@iies.es

A CERTIFICACIÓN FORESTAL PEFC

A certificación forestal PEFC é un proceso voluntario polo que unha terceira parte independente á xestión forestal certifica, a través de auditorías, que a xestión dunha superficie forestal se axusta aos requisitos establecidos nas normas españolas de xestión forestal sostible. Existen tres procedementos de certificación:

Certificación rexional

O sistema de certificación forestal rexional PEFC baséase nunha dobre esixencia: certifícase unha determinada rexión xeográfica e os montes que voluntariamente quixeran adherirse. Neste caso, a totalidade do territorio de Galicia é considerado como unha rexión para os efectos da solicitude. Como área certificada considérase só a superficie forestal adscrita á certificación rexional.

Certificación de grupo

Certificación de distintas unidades de territorio, pertencentes a un colectivo de propietarios ou xestores forestais agrupados.

Certificación individual

Certificación de unidades de territorio pertencentes a un único propietario e con extensión abondo para a aplicación das normas.

EXEMPLOS DE SUPERFICIE CERTIFICADA POLO SISTEMA PEFC EN EUROPA

	Sup. forestal (ha)	Sup. certificada (ha)	%
Finlandia	22.500.000	20.719.735	92,09
Noruega	9.387.000	7.537.102	80,29
Alemania	11.076.000	7.185.774	64,88
Austria	3.862.000	2.039.236	52,80
Bélxica	667.000	267.182	40,06
Francia	15.554.000	3.879.759	24,94
Italia	9.979.000	656.121	6,58
España	17.915.000	1.075.817	6,01
Portugal	3.783.000	0	0,00

SUPERFICIE CERTIFICADA PEFC POR CCAA

	Sup. forestal (ha)	Sup. certificada (ha)	%
Navarra	462.664	136.347,62	29,47
Castilla León	2.982.317	449.664,54	15,08
País Vasco	397.831	53.681,00	13,49
Cantabria	214.257	22.514,76	10,51
Cataluña	1.626.212	74.357,97	4,57
Galicia	2.040.000	115.740,00	5,67

A ORGANIZACIÓN PEFC EN GALICIA

A AFG é membro fundador e pertence ás xuntas directivas das institucións que desenvolven o sistema PEFC en Galicia. A escala nacional existe unha organización, PEFC España, na que a representación da AFG se exerce a través de COSE.

Asociación Galega Promotora da Certificación Forestal (PEFC Galicia)

No ano 2003 naceu a Asociación Galega Promotora da Certificación Forestal (PEFC Galicia), como unha entidade privada sen ánimo de lucro, á que pertencen as principais organizacións, entidades ou institucións do ámbito autonómico representativas da propiedade ou da xestión forestal (pública ou privada), das industrias transformadoras e do comercio de produtos forestais, dos usuarios, das institucións (públicas ou privadas) de ámbito educativo e científico vinculadas ao sector forestal, dos colexios e asociacións profesionais e das organizacións ambientalistas, e de calquera outro colectivo que teña interese no desenvolvemento dos fins da asociación.

Entidade Galega Solicitante da Certificación Forestal Rexional (ESRG)

No ano 2004 créase a Entidade Galega Solicitante da Certificación Forestal Rexional, (en diante ESRG). É o organismo con capacidade para administrar e xestionar a certificación rexional dentro do territorio de Galicia. A ESRG agrupa as principais organizacións que representan os propietarios ou xestores forestais da rexión interesados no proceso.

PROCEDEMENTO DE ADHESIÓN AO PEFC

Os propietarios de montes e os xestores forestais interesados na certificación rexional PEFC han de presentar a solicitude de adhesión á ESRG.

A Asociación Forestal de Galicia prestará ao propietario forestal a axuda necesaria para presentar a seguinte documentación :

- Solicitude de adhesión + anexos correspondentes:
 - Anexo I Identificación da superficie a adscribir.
 - Anexo II Acordo de agrupación (só agrupacións de propietarios)
 - Anexo III Delegación da xestión forestal (só no caso de cesión da xestión por parte do propietario)
- Plan de xestión do monte: proxecto de ordenación, plan técnico, plan simple de xestión (menos de 25 ha) + informe de verificación de datos.
- Resgardo bancario do ingreso da cota de inscrición.

O equipo técnico da ESRG analizará a documentación achegada, e en caso de considerala suficiente e estar conforme con ela, a Secretaría Técnica da Entidade Solicitante presentará ante a Xunta Directiva a proposta de adhesión, para a alta definitiva do adscrito no Certificado Rexional.

Unha vez aprobada a solicitude, adxudícaselle un número de rexistro, inclúese na base de adscritos toda a información necesaria, comunícaselle ao adscrito a súa inclusión na certificación rexional e o seu número de adscrito, e emítese a factura de adhesión.

VANTAXES DA CERTIFICACIÓN FORESTAL

- Poder vender madeira certificada no mercado
- Facilitade para o manexo do monte ao contar cun plan de xestión
- Cumprir coas obrigas legais sobre xestión forestal sostible
- Prioridade na solicitude de axudas públicas
- Unha xestión máis profesional e técnica do monte
- Dispoñer de planimetría para un maior coñecemento da propiedade
- Eludir posibles trabas á hora de vender madeira non certificada

- Previsión de requirimento de certificación en futuras leis
- Posición vantaxosa á hora de solicitar subvencións
- Beneficios intrínsecos á xestión forestal sostible
- Posibles beneficios fiscais

CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS NA SILVICULTURA

Os propietarios forestais que se acollan o sistema PEFC de certificación forestal na súa modalidade rexional, deberán respetar o Código de boas prácticas na silvicultura que comprende os principios básicos que deben orientar o conxunto de actuacións silvícolas que realiza no monte. As recomendacións que se compromete a seguir son as seguintes:

1. Asegurarase a persistencia da masa arborada despois de cada aproveitamento, xa sexa por rexeneración natural ou artificial. Cando as especies principais da masa sexan autóctonas e se desexe manter a súa presenza empregárase sempre que sexa posible a rexeneración natural.
2. Nas parcelas de máis de 25 ha arboradas fomentárase a aparición e mantemento de especies acompañantes ou alternativas á principal, especialmente frondosas autóctonas, no momento e localización que favoreza os obxectivos do plan de xestión.
3. As especies arbóreas a utilizar en repoboacións deberán ser axeitadas á estación forestal. O material xenético deberá proceder de orixes coñecidas e de garantía, mouteiras selectas ou horto sementeiros.
4. Os fertilizantes empregados nas plantacións serán os indicados para a actividade forestal e na dose recomendada, e unicamente se realizará o adubado continuado durante o crecemento e desenvolvemento da masa forestal baixo xustificacións técnicas ou indicación do plan de xestión.
5. Deberase velar polo éxito do rexenerado e as plantacións, tomando as medidas oportunas para o seu correcto desenvolvemento.
6. Adoptaranse as medidas necesarias para minimizar os impactos na vexetación a conservar tras a corta ou tratamento silvícola.
7. Nos tratamentos fitosanitarios químicos empregáranse produtos e doses que estean legalmente autorizados. A súa utilización deberá xustificarse tecnicamente, sendo aconsellable o emprego de técnicas de loita integrada sempre que sexa posible. O persoal que realice a aplicación de produtos fitosanitarios debe ter toda a formación obrigatoria por lei para a súa utilización.
8. Deberanse evitar prácticas que fomenten a aparición de pragas ou enfermidades, efectuando, cando sexa posible, a trituración, espaxamento ou extracción dos restos vexetais obxecto de corta. Deberanse desinfectar os útiles de corta nas masas altamente sensibles a enfermidades e con alto risco de propagación. No caso de detectar algunha anomalía biótica ou abiótica tomaranse as medidas oportunas, mesmo avisando á autoridade forestal competente.
9. Deberase velar pola protección, mantemento e mellora das áreas de vexetación ripícola.
10. En parcelas de máis de 25 ha, minimizarase a realización de tratamentos selvícolas ou cortas que produzan graves impactos paisaxísticos.
11. Cumprírase coa lexislación vixente aplicable a elementos culturais, identificando e comunicando a quen corresponda a aparición de testemuños prehistóricos, históricos e culturais dentro da unidade de xestión forestal. Tamén se procurará manter e recuperar a toponimia propia dos montes.
12. Nos casos de realización de traballos silvícolas por conta allea, os labores encargáranse a empresas de servizos forestais que aceptarán por escrito o presente Código de Boas Prácticas.
13. As empresas de servizos forestais que traballen na unidade de xestión deberán cumprir coa lexislación vixente en materia de riscos laborais, dispoñendo de operarios e de equipos de seguridade homologados así como dos demais

requirimentos de seguridade e saúde no traballo durante a execución das prácticas forestais. Igualmente no uso de maquinaria débense cumprir as medidas de protección propias da máquina e de quen a manexa.

14. Deberanse tomar medidas oportunas para optimizar a rede viaria forestal, minimizando o número de ramais cegos, evitando tramos de excesiva pendente e construíndo obras de drenaxe tecnicamente xustificadas que distribúan de forma axeitada as augas no monte. Deberase prestar especial atención ao estado das vías e camiños forestais tras a execución de labores, debendo restablecer, polo menos, as condicións de tránsito nas que se atopaban antes da realización da actividade.
15. En caso de incendio forestal, deberanse seguir as indicacións da administración forestal, procurando vixiar en época de máximo risco, informar inmediatamente en canto se detecte lume ou calquera conato de incendio o servizo de defensa contra incendios forestais (085 ou 112) e, de ser necesario, segundo a lexislación vixente, seguir as indicacións do director de extinción.
16. Deberase velar por manter a unidade de xestión libre de residuos artificiais causados polas actividades forestais. En caso de xerarse residuos perigosos, deberá respectarse a normativa vixente. En caso de derramo sobre terra, extraerase a capa de chan afectado almacenándoa no seu correspondente colector/bolsa e tratándoa como residuo perigoso. Ademais, procurárase o acondicionamento de zonas de limpeza para maquinaria e equipos.
17. Permitirase o uso social e recreativo dos bosques sempre e cando non perturbe a actividade forestal principal determinada polo xestor. Na medida do posible procurárase a multifuncionalidade de usos na unidade de xestión e o mantemento da biodiversidade.
18. As unidades de xestión (montes ou grupos de montes) deberán contar cun instrumento de planificación adaptado ás instrucións do sistema PEFC-Galicia de certificación rexional, respectando os criterios de xestión forestal sostible.
19. Velarase porque todos os axentes involucrados na xestión forestal sostible cumpran coa lexislación vixente aplicable.